

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

**ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DA PRAZA DUN SOCORRISTA DE FOMENTO DO EMPREGO 2021 E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

**EXPEDIENTE ORIXE: 2021/E001/000004.**  
**EXPEDIENTE DECRETO: 2021/G003/000253.**

O 09/06/2021, a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, dita comunicación pola que se autoriza a contratación anticipada, por un período de 2 meses, dun socorrista, para a realización do servizo denominado Servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado.

Mediante Decreto de Alcaldía nº 219/2021 do 11/06/2021, aprobáronse as bases e a convocatoria para a contratación dun socorrista para a realización do Servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado.

Tras a publicación do oportuno anuncio e a presentación no SPE de Melide da pertinente oferta de emprego, e unha vez transcurrido o prazo de presentación de instancias, a base terceira establece que a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as terá carácter definitivo no caso de non ter defectos que emendar.

Por todo o anterior, en virtude do disposto nos art. 20 e 29 do RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, e de conformidade e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos do proceso selectivo:

**Admitidos:**

APELIDOS E NOME	DNI
PRADO VÁZQUEZ DAVID EDUARDO	***2936**

**Excluídos:** Ningún/ha.

**SEGUNDO.-** Designar aos membros do Tribunal Cualificador que serán os seguintes:

Presidenta: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Ermitas Sánchez González (Empregada pública do Concello de Sobrado).

Suplente: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Rivas Moscoso (Empregada pública do Concello de Santiso).

1<sup>º</sup> Vogal: D. Jesús Ramón Varela García (Empregado público do Concello de Sobrado).

Suplente: D<sup>a</sup> Teresa Mato Martínez (Empregada pública do Concello de Santiso).

2<sup>º</sup> Vogal: D<sup>a</sup>. Marta M<sup>a</sup> Roca Souto (Empregada pública do Concello de Curtis).

Suplente: D. Jesús Sánchez García (Empregado público do Concello de Curtis).

3<sup>º</sup> Vogal: D<sup>a</sup>. Guadalupe Vázquez Ascariz (Empregada pública do Concello de Toques).

Suplente: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Pulleiro Guerreiro (Empregada pública do Concello de Santiso).

Secretaria: D<sup>a</sup>. Alejandra D. Fandiño Sánchez (Empregada pública do Concello de Sobrado).

Suplente: D<sup>a</sup>. Rosa María Buján Ordoñez (Empregada pública do Concello de Curtis).

**TERCEIRO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador para a súa constitución, o **día 21 de Xuño de 2021, ás 09.00 horas**, nas oficinas municipais do Concello de Sobrado, ao obxecto de realizar a valoración de méritos da fase de concurso aos aspirantes.

**CUARTO.-** Publicar este decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado, aos efectos oportunos.

*Documento asinado electrónicamente.*